

BANDO INFORMATIVO

SOLICITUDE DO BONO COIDADADO EXTRAORDINARIO Á DEPENDENCIA

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso

INFORMA:

Da concesión de axudas económicas ás familias de persoas usuarias dos centros de atención diúrna de persoas maiores ou discapacidade para compensar gastos ocasionados derivados da suspensión deste servizo como consecuencia do COVID-19.

MODALIDADES E CONTÍAS:

1. **Modalidade de contratación dun servizo de axuda no fogar**, de gastos derivados da contratación ou ampliación da xornada de persoas coidadoras e de compensación pola diminución de ingresos por acollerse a unha excedencia de redución de xornada. A axuda terá un importe máximo de 500 euros/mes.
2. **Modalidade de contratación de servizos de estimulación física e / ou cognitiva**. A axuda terá un importe máximo de 100 euros /mes .

PERSOAS BENEFICIARIAS:

As familias de persoas de centros de día de maiores e de centros de día específicos de alzheimer e de centros de día ou ocupacionais de persoas con discapacidade cuxa actividade está suspendida como consecuencia da epidemia do coronavirus COVID-19.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: Ata o 13 de xullo de 2020

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente poderase presentar presencialmente no Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte nº 7, Baixo, Sigüeiro. CITA PREVIA no teléfono : 981688950

MAIS INFORMACIÓN: Orde do 11 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas económicas ás familias de persoas usuarias de centros de atención diúrna de persoas maiores e con discapacidade durante a situación de suspensión deste servizo como consecuencia do COVID-19 a través do Bono coidado extraordinario. (DOG nº 114-bis do 12/06/2020)

Oroso, 18 de xuño de 2020
O alcalde,

Manuel Miras Franqueira

